

## **BASES DA CONVOCATORIA DE VINCULACIÓN DE PROFESORADO DA FACULTADE DE VETERINARIA DE LUGO AO HOSPITAL VETERINARIO UNIVERSITARIO ROF CODINA**

Por resolución da Dirección Xerencia da Fundación Rof Codina M.P. (en diante FRC), anúnciase a convocatoria de:

- 1 prazas de profesores/as vinculados ao Hospital Veterinario Universitario Rof Codina

### **1. NORMAS XERAIS**

Este concurso réxese polo disposto na Lei 16/2010, do 17 de novembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia e Lei 12/2006, da 1 de decembro, de fundacións de interese galego, de acordo con:

- Convenio polo que se formaliza a encomenda de xestión entre a Fundación Rof Codina e a Universidade De Santiago de Compostela para a realización de actividades formativo asistenciais.
- Carta Fundacional e Estatutos da FRC.
- Delegación de facultades do Padroado da FRC ao director xerente desta.

### **2.-OBXECTO**

Anunciar a convocatoria dun proceso para cubrir 1 praza de profesor/a vinculados ao Hospital Veterinario Universitario Rof Codina. As areas asistenciais a cubrir son as seguintes:

- Clínica Ruminantes (1 praza)

O proceso de selección será mediante concurso de méritos.

### **3.-REQUISITOS DOS/AS CANDIDATOS/AS**

Para seren admitidos os/as aspirantes deben de cumprir os requisitos específicos da convocatoria:

- a) A persoa solicitante deberá ser persoal docente e investigador con dedicación a tempo completo da Facultade de Veterinaria de Lugo.

### **4.- INSTANCIA**

O prazo de solicitude de bases e presentación de instancias será de 15 días naturais contados a partir do día seguinte da súa publicación na páxina web da FRC ([www.rofcodina.org](http://www.rofcodina.org)). A entrega realizarase na web da FRC, segundo o modelo de instancia dispoñible na web.

Os/as aspirantes deberán acompañar xunto ao modelo de instancia, copia do seu documento nacional de identidade e o seu curriculum vitae, debidamente xustificado mediante copias dos títulos ou calquera outros documentos acreditativos que consideren oportunos, quedando obrigado a presentar os orixinais que lles fosen requiridos. A documentación que cada aspirante acompañe á súa solicitude deberá estar agrupada e debidamente identificada. Os méritos alegados e non probados do xeito sinalado no presente punto non serán tidos en conta.

## **5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

Ao día seguinte da finalización do prazo de presentación de solicitudes publicarase un listado provisional de admitidos/as ao proceso e outro motivado de excluídos na páxina web da FRC. Establécese un prazo de 3 días hábiles a partir da publicación do devandito listado para que os aspirantes poidan emendar, de ser posible, o defecto que motivara a súa exclusión. Ao día seguinte publicarase a lista definitiva de admitidos ao proceso

## **6.- COMISIÓN AVALIADORA**

A composición da Comisión será a seguinte:

- Presidente: Antonio González Cantalapiedra, director veterinario do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) e profesor titular de Universidade.
- Vogal 1º: Gonzalo Fernández Rodríguez, decano da Facultade de Veterinaria de Lugo.
- Vogal 2º: María Luisa Suárez Rey, xefa de Servizo de Medicina Interna do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) e profesora titular de Universidade.
- Vogal 3º: Mónica Vila Pastor, facultativa do Servizo de Diagnostico pola Imaxe do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC).
- Secretario: Brais López Barro, técnico superior de xestión da USC.

A partir da súa constitución, a comisión, para actuar validamente, requirirá a asistencia presencial ou a distancia do presidente e do secretario, e da metade, polo menos, dos seus membros.

## **7.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN:**

O procedemento de selección realizarase a través dunha valoración de méritos segundo o seguinte baremo:

### **CURRÍCULO (Máximo 30 puntos):**

1. Docencia en materia do Grao de Veterinaria relacionada co perfil da praza de vinculación. (2 punto/ano)

2. Publicacións relacionadas coa praza de vinculado a que se opta.
  - a. 2 puntos por publicación indexada
  - b. 1 punto por publicación non indexada
3. Proxectos de investigación relacionados coa praza de vinculado á que se opta.
  - a. 3 puntos por proxecto internacional
  - b. 2 puntos por proxecto nacional
  - c. 1 punto por proxecto autonómico
4. Comunicacións a congreso relacionadas coa praza de vinculado a que se opta.
  - a. 0,5 por comunicación a congreso internacional.
  - b. 0,25 por comunicación a congreso internacional.
5. Capítulos de libro.
  - a. 2 puntos por redacción de capítulo de libro internacional
  - b. 1 punto por redacción capítulo de libro nacional
6. Cursos impartidos
  - a. 0,025 puntos por hora impartida en curso internacional.
  - b. 0,01 puntos por hora impartida en curso nacional.

#### **EXPERIENCIA ASISTENCIAL (Máximo 70 puntos).**

1. 0,5 puntos por mes traballado en praza asistencial do perfil da praza.
2. 0,2 puntos por mes realizando labor asistencial do perfil da praza (factor de corrección en función da dedicación).

#### **8. – SELECCIONADOS/AS**

A Comisión Avaliadora propondrá á Comisión Técnica da FRC a vinculación dos/as candidato/a que superen todas as avaliacións contempladas no apartado anterior. As resolucións do Tribunal de Selección serán apelables ante este, dispoñendo para iso dun prazo de tres días hábiles.

## **9. - VINCULACIÓN**

Segundo o indicado no Convenio polo que se formaliza a encomenda de xestión entre a Fundación Rof Codina e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de actividades formativo asistenciais, unha vez que a Comisión Técnica valide a proposta da Comisión Avaliadora a FRC procederá a subscribir co/coa profesor/a da USC o acordo de vinculación ao HVU-RC.

A vinculación terá unha duración de un ano prorrogable, previo informe favorable da Dirección Veterinaria e da Xerencia do HVU-RC.

A subscrición do presente convenio no supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da USC que desenvolva as actividades formativo-asistenciais no HVU-RC e a FRC, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

De conformidade co artigo 55 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, todas as retribucións do profesorado serán aboadas pola USC nunha única nómina cos conceptos que corresponda, non podendo recibir ningunha outra retribución directa por parte da FRC

## **10. - RÉXIME LEGAL**

A participación na presente convocatoria supón a aceptación das bases desta e o Convenio polo que se formaliza a encomenda de xestión entre a Fundación Rof Codina e a Universidade De Santiago de Compostela para a realización de actividades formativo asistenciais. Para todo o non previsto nestas estarase ao disposto na Lei 16/2010, do 17 de novembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia e a Lei 12/2006, do 1 de Decembro de fundacións de interese galego, e demais disposicións vixentes en materia de contratación que sexan aplicables ás Fundacións.

En Lugo, na data da sinatura electrónica

Asdo.: Antonio Javier Ferreira Fernández  
Xerente da Fundación Rof Codina